

Unidade 1:

A crise do Antigo Réxime

1. Introducción

Nos séculos XVII e XVIII case toda Europa estaba baixo o que denominamos **Antigo Réxime**. Este termo foi acuñado polos revolucionarios franceses para referirse ao conxunto de estruturas anteriores a 1789, eliminadas pola Revolución. Aquel Antigo Réxime caracterizábase pola monarquía absoluta como sistema político, unha economía maioritariamente agraria e de base señorial e unha sociedade estamental estruturada de forma ríxida e baseada no privilexio.

A **monarquía absoluta** implicaba que o rei concentraba todos os poderes (lexislativo, executivo e xudicial), sen someterse a ningunha institución que limitase a súa autoridade. Esta forma de gobernar estaba xustificada pola teoría da orixe divina do poder real, segundo a cal o monarca era o representante de Deus na Terra. Esta idea supuña unha continuidade coa visión teocéntrica medieval e reforzaba o papel da Igrexa na lexitimación da autoridade real.

Desde o punto de vista económico, predominaba unha **economía rural, baseada na explotación agraria dos señoríos**, onde a maioría da poboación traballaba a terra baixo diferentes formas de dependencia e pagamento de rendas. As actividades industriais estaban controladas polos gremios e o comercio estaba sometido a fortes restricións.

En canto á sociedade, esta estruturábase en **tres estamentos, o clero, a nobreza e o chamado Terceiro Estado**. Os dous primeiros gozaban de privilexios xurídicos, económicos e fiscais, mentres que a maioría da poboación, encadrada no Terceiro Estado, carecía destes dereitos. Era unha sociedade pechada, onde a mobilidade social era practicamente inexistente.



2. A estrutura política: o absolutismo

O **absolutismo** é o sistema político característico do Antigo Réxime e baséase na **concentración de todos os poderes nas mans do monarca**. Nesta forma de goberno, o rei non está sometido a ningunha constitución nin a institución algunha que limite a súa autoridade. A vontade do monarca é lei, e **a súa autoridade considérase incuestionable** porque se fundamenta na teoría da **orixe divina do poder**: Deus delega o seu poder no rei, quen actúa como o seu representante na Terra. Esta concepción do poder político reforza a sacralización da figura real e sitúa aos monarcas nun plano superior respecto ao resto da sociedade. Así, todos os seus súbditos debían acatar a súa autoridade e obedecer os seus mandatos.

O proceso histórico que conduce ao absolutismo remóntase á Baixa Idade Media, cando os monarcas comezan a fortalecer o seu poder fronte á fragmentación feudal. Durante os séculos XVI e XVII, os reis impulsaron a construción de Estados centralizados, capaces de controlar amplos territorios mediante **exércitos permanentes, unha administración burocrática profesional e un sistema fiscal** que lles permitía recaudar recursos de forma regular. Así, a figura do rei vai afastándose da imaxe do *primus inter pares* medieval, pasando a ser un monarca autoritario e, finalmente, nun auténtico soberano absoluto.

O absolutismo implicaba tamén o control da xustiza, da administración e da política exterior por parte do monarca. Non existían dereitos fundamentais recoñecidos aos súbditos, xa que o poder non emanaba da soberanía popular, senón da vontade divina. Este modelo **reforzaba a estrutura estamental e perpetuaba os privilexios da nobreza e do clero**, que apoiaban ao monarca a cambio da conservación dos seus dereitos. De feito, **o clero tiña un destacado papel na política**, debido á teoría da orixe divina do poder real, o que ademáis supuxo unha continuidade co que sucedía na época medieval.

Un dos exemplos máis representativos do absolutismo foi o reinado de **Luís XIV de Francia**, coñecido como o Rei Sol. Gobernou entre 1654 e 1715 e centralizou o poder na súa persoa até o punto de que se lle atribúe a famosa frase “O Estado son eu”. Durante o seu reinado, transformou o Pazo de Versalles nun símbolo do seu poder, reunindo alí á alta nobreza para sometela ao seu control e afastala de calquera intención de conspiración. O seu goberno foi exemplo de centralización administrativa, control da aristocracia e promoción do esplendor da monarquía como símbolo de orde e estabilidade.



Pazo de Versalles e retrato de Luís XIV de Francia

En **España**, o camiño cara o absolutismo comezou a cimentarse sobre todo a partir dos **Reis Católicos**, Isabel e Fernando, que sentaron as bases dun poder centralizado mediante a unificación dinástica de Castela e Aragón, a creación dun exército permanente e o fortalecemento das institucións reais, como o Consello de Castela.

Coa chegada dos reis da dinastía dos **Habsburgo (os Austrias)**, esta centralización coexistiu cunha estrutura composta, na que cada reino mantiña as súas leis e institucións propias, como as Cortes e os foros locais. Ao mesmo tempo, a Administración foi aumentando na súa complexidade, debido ás necesidades de afianzar e expandir os territorios de ultramar da Monarquía Hispánica.

Xa coa chegada dos **Borbóns**, a partir de 1700, aplicáronse as reformas centralizadoras inspiradas no modelo francés, destacando os **Decretos de Nova Planta** (1707-1716), que suprimiron os foros e institucións de Aragón, Cataluña, Valencia e Mallorca, aínda que non afectaron a territorios como Navarra ou as provincias vascas. Afianzábase deste xeito o absolutismo en España, cun monarca que asumía o control total sobre Administración, xustiza e facenda, relegando ás Cortes a un papel meramente consultivo.

2.1. A estrutura territorial: Estado moderno e señoríos

Durante os séculos XV e XVI, en paralelo ao proceso de fortalecemento das monarquías, **comeza a conformarse en Europa o Estado Moderno**. Este novo modelo estatal nace para superar a dispersión do poder característica do feudalismo, coa finalidade de **crear estruturas políticas máis centralizadas e eficaces**. A formación do Estado Moderno supuxo un paso decisivo cara ao control territorial e á organización administrativa dos reinos, aínda que dentro do Antigo

Réxime **segue existindo unha forte dependencia das estruturas sociais feudais**. O fortalecemento das monarquías modernas baséase en tres piares fundamentais:


- Formación de **exércitos permanentes e profesionais**, que reducía a dependencia das tropas nobiliarias.
- Desenvolvemento dunha **Administración centralizada** e dunha **burocracia** para a que se contrataba a funcionarios que estarían ao servizo do rei, o que permitiu controlar os territorios e impartir xustiza dunha forma máis uniforme.
- Creación dun **sistema fiscal ou Facenda** que permitía financiar a maquinaria estatal e manter todas as novas estruturas de poder por medio da recadación sistemática de impostos.

Sen embargo, aínda que estes elementos aínda se manteñan na actualidade, o Estado Moderno do Antigo Réxime non se debe confundir cos estados democráticos actuais. **O Estado era considerado propiedade persoal do monarca**, un patrimonio familiar que podía ser ampliado mediante guerras ou alianzas matrimoniais e transmitido por herdanza. **Os súbditos non eran cidadáns con dereitos, senón vasalos sometidos á autoridade do rei**. Esta concepción patrimonial do Estado explica a escasa participación da sociedade na política e o protagonismo da monarquía na configuración territorial.

A pesar da consolidación dos Estados Modernos, **os señoríos continuaron existindo durante o Antigo Réxime**. Estes eran unidades territoriais onde un señor (nobre ou eclesiástico, ás veces tamén o propio rei) mantiña certos dereitos sobre as terras e os seus habitantes. No sistema feudal, o señor tiña competencias gobernativas, xudiciais e fiscais; no Antigo Réxime, aínda que o poder político dos señores foi limitado pola autoridade real, conservaban os dereitos económicos sobre os campesiños. Así, o sistema señorial seguía vixente, e a nobreza e o clero continuaban a obter rendementos das terras que non traballaban directamente, a través de fórmulas como os foros, as rendas e diferentes tributos.

En **España**, a formación do **Estado Moderno** estivo estreitamente ligada á unión dinástica dos Reis Católicos, que integraron baixo unha mesma coroa territorios con leis, costumes e institucións propias. **A Monarquía Hispánica mantivo un carácter composto**, xa que, a pesar do proceso centralizador, cada reino (Castela, Aragón, Navarra, máis tarde Portugal, ademais das posesións ultramarinas) conservaba boa parte das súas estruturas xurídicas e fiscais. A autoridade real foi consolidándose, pero non eliminou por completo a diversidade administrativa nin a autonomía foral dalgúns territorios. O control do territorio reforzouse mediante a creación de novas institucións como audiencias, chancelerías, capitanías xerais e correxedores.


En **Galicia**, esta realidade era especialmente marcada, xa que gran parte do territorio estaba baixo xurisdición señorial, tanto laica como eclesiástica. Mosteiros, catedrais e grandes casas nobiliarias (como a Casa de Andrade ou os condes de Lemos) posuían vastas extensións de terra e mantiveron sistemas como o **foro**, un contrato de longa duración polo cal os campesiños pagaban rendas fixas ou traballos a cambio do uso da terra. Esta estrutura dificultou a modernización agraria e mantivo fortes vínculos de dependencia persoal ata ben entrado o século XIX, cando os procesos de desamortización e abolición do réxime señorial puxeron fin legal a esta situación, aínda que os cambios sociais e económicos foron máis lentos.



No século XVII Inglaterra viviu unha sucesión de conflitos e cambios políticos que levaron á limitación efectiva do poder real. As dúas primeiras **Guerras Cívís inglesas** (1642-1651) enfrontaron aos partidarios do rei Carlos I e aos do Parlamento. A derrota real culminou coa

execución de Carlos I en 1649 e co establecemento dunha República (a **Commonwealth**) presidida por Oliver Cromwell. Este período supuxo unha ruptura co modelo monárquico tradicional e introduciu novas prácticas políticas.

A restauración da monarquía en 1660 con Carlos II non significou, sen embargo, o regreso ao antigo absolutismo, senón nun cero equilibrio entre o rei e o Parlamento. A crise culminou coa chamada **Revolución Gloriosa de 1688**, cando o católico Xacobe II foi destronado e foi convidado a reinar Guillerme III de Orange xunto con María II. Guillerme aceptou a **Declaración de Dereitos ou Bill of Rights (1689)**, un documento fundamental que limitaba os poderes reais, reforzaba os dereitos do Parlamento e establecía principios como a prohibición de impostos sen consentimento parlamentario e a protección de certas liberdades civís.



Parlamento británico no século XVII

Deste xeito consolidábase unha **monarquía parlamentaria** na que o Parlamento, dominado pola burguesía, controlaba as finanzas do Estado e, por tanto, a política real. Xurdiron tamén os primeiros partidos políticos estables (Whigs e Tories) e un gabinete responsable ante o Parlamento.

No ámbito intelectual, a obra de **John Locke** xustificou teoricamente a soberanía consensual, os dereitos naturais (vida, liberdade e propiedade) e o dereito a substituír gobernos que tiránicos. Todas estas ideas acabaron por converterse na base do **liberalismo político**.

Ademais, Inglaterra experimentou unha **revolución financeira** que vinculou a limitación do poder real coa modernización económica: a creación do **Bank of England** e o desenvolvemento dos mercados de capitais permitiron ao Parlamento e á iniciativa privada financiar empresas e guerras. Ademais, a estabilidade política e o novo poder da burguesía favoreceron a acumulación de capital, o que acabou desembocando na posterior Revolución Industrial.

→ O parlamentarismo nos Países Baixos

As **Provincias Unidas** (ou República das Provincias Unidas dos Países Baixos) configuráronse como unha excepción clara ao modelo monárquico: despois dunha longa loita coa Monarquía Hispánica, a independencia foi recoñecida na práctica na Paz de Westfalia de 1648. A estrutura política neerlandesa non adoptou unha monarquía forte senón unha forma republicana particular, na que o poder repartíase entre os **Estados provinciais** e os seus representantes nos chamados **Estados Xerais** (Staten-Generaal).

A nota característica do modelo neerlandés foi o protagonismo das **oligarquías urbanas e da burguesía comerciante**. Cidades como Ámsterdam, Rotterdam ou Delft convertéronse en centros de comercio, industria lixeira, banca e seguros. Tamén destaca a creación de institucións financeiras, bolsas de valores ou empresas como a **Compañía Neerlandesa das Indias Orientais** (a *Vereenigde Oostindische Compagnie* ou VOC). Esta última foi unhas das primeiras compañías por accións que canalizou inversións, estableceu redes de comercio intercontinentais e practicou unha política colonial e comercial a gran escala.

A liberdade económica e o apoio ás actividades mercantís deu lugar ao chamado “**Século de Ouro neerlandés**”, con esplendor nas artes (Rembrandt, Vermeer...), na ciencia e no comercio. O modelo económico neerlandés debilitou moitas estruturas feudais porque o poder real era limitado e a riqueza proviña do comercio urbano e do capital financeiro máis que da propiedade señorial.

→ Consecuencias do desenvolvemento dos modelos parlamentarios

Os modelos británico e o neerlandés amosaron que era posible unha alternativa ao absolutismo, un modelo no que o acceso ao poder político pasaba pola influencia económica e polas institucións representativas das elites urbanas burguesas. Isto permitiu unha **modernización económica máis rápida** (cunha maior acumulación de capital e innovacións financeiras e comerciais), a **difusión das ideas liberais** (xa que o éxito dos burgueses reforzaron as súas ideas de liberdade, representación e dereitos, defendidas pola Ilustración) e o desenvolvemento dunha dura **competición marítima e colonial** (xa que o auxe naval de ingleses e neerlandeses presionou ás vellas monarquías coloniais, como a española, modificando os fluxos comerciais).

3. A estrutura económica: señoríos e gremios

A economía do Antigo Réxime caracterízase, en primeiro lugar, por ser fundamentalmente **agraria e rural**; é dicir, as actividades agrícolas e gandeiras eran as predominantes tanto en volume de produción como en poboación adicada a elas e, polo tanto, a maior parte da poboación vivía no mundo rural. O poder económico e social estaba fortemente vinculado á **propiedade da terra**, e esta concentrábase en mans de nobres, clero e, nalgúns casos, da Coroa. Dentro deste marco, dúas institucións resultaban esenciais: o réxime señorial e o sistema gremial.

Aínda así, ao longo do século XVIII vai ter lugar un progresivo desenvolvemento do mundo urbano tanto polo crecemento das actividades económicas asociadas á cidade (artesanía e comercio) como pola vontade das monarquías europeas de ampliar e mellorar os espazos urbanos.

3.1. O sistema señorial

O réxime señorial tiña as súas raíces no feudalismo medieval, pero durante a Idade Moderna seguiu sendo a estrutura dominante no mundo rural. Nos señoríos, o señor (xa fose nobre ou eclesiástico) exercía unha **xurisdición case absoluta** sobre a terra e sobre as persoas que nela vivían. Aínda que os campesiños non eran escravos, estaban sometidos a unha serie de **obrigas económicas e xurisdicionais** que limitaban moito a súa liberdade:

- **Propiedade da terra**: o señor posuía a maior parte das terras cultivables, e os campesiños traballaban parcelas en réxime de arrendamento ou cesión, pagando rendas en especie (parte da colleita) ou en diñeiro.
- **Dereitos xurisdicionais**: o señor tiña competencias para administrar xustiza no seu territorio e para cobrar algúns impostos.
- **Cargas señoriais**: incluían tributos como o foro ou o monopolio sobre determinados servizos (muíños, fornos, pontes), polos que os campesiños debían pagar.

Este sistema contribuíu a manter unha agricultura de rendemento baixo e escasa capacidade de innovación, xa que os labregos non tiñan incentivos para mellorar as terras, xa que estas non lles pertencían.

3.2. O sistema gremial

No ámbito urbano, a produción e o comercio estaban regulados polos **gremios**, unhas asociacións profesionais de orixe medieval que agrupaban aos artesáns dun mesmo oficio (zapateiros, teceláns, prateiros, carpinteiros...) dentro dunha vila ou cidade. O sistema gremial tiña como obxectivo **controlar a calidade, regular a competencia e protexer os intereses** dos seus membros, o que provocaba a limitación da liberdade de produción e dificultaba a innovación.

- **Organización interna:** cada gremio establecía normas estritas sobre a aprendizaxe do oficio, o número de mestres, a produción permitida ou os prezos de venda. Existían tres categorías principais: aprendices, oficiais e mestres. O acceso ao grao de mestre e, polo tanto, á posibilidade de crear un obradoiro propio, estaba moi restrinxido, o que dificultaba a expansión económica.
- **Funcións económicas e sociais:** ademais de regular o traballo, os gremios tiñan funcións asistenciais (axuda a enfermos, viúvas e orfos) e relixiosas (patrocinio de confrarías, festas e misas).
- **Limitacións:** o control gremial impedía a innovación técnica e favorecía a produción en pequena escala. Isto ía entrar en conflito, xa no século XVIII, co espírito da Ilustración e coas ideas liberais, que defendían a liberdade de comercio e industria.

3.3. Agricultura

A agricultura do Antigo Réxime caracterizábase por unha **escasa tecnificación** e o uso de métodos tradicionais que apenas experimentaran cambios significativos dende a Idade Media. As ferramentas agrícolas eran rudimentarias (arados de madeira, aixadas, fouches...) e a tracción animal (xuntas de bois ou mulas) seguía a ser a principal forza empregada para o traballo no campo. Esta ausencia de innovación limitaba a produtividade das terras, que producían **baixos rendementos** e obrigaban a cultivar case toda a superficie dispoñible para garantir o abastecemento da poboación.

A man de obra era **numerosa e fundamentalmente campesiña**, pois a maior parte da poboación activa estaba vinculada ao sector primario. O traballo era intenso e estacional, condicionado polos ciclos naturais e polas condicións meteorolóxicas, o que facía a economía agraria moi vulnerable ás crises de subsistencia, frecuentes en períodos de malas colleitas.

A partir das achegas da **Revolución Científica** dos séculos XVII e XVIII, comezouse a introducirse novos coñecementos sobre botánica, meteoroloxía e mellora de cultivos, que sentaron

as bases para cambios posteriores. Non obstante, foi coa **Revolución Agraria e a posterior Revolución Industrial** cando se produciron transformacións máis visibles: melloras nas rotacións de cultivos (como o sistema Norfolk), introdución de novas especies procedentes de América (millo, pataca...), e avances técnicos que, aínda así, se difundiron lentamente e con desigual intensidade polo Vello Continente. Persistiron **enormes contrastes rexionais**, especialmente entre as zonas do noroeste europeo, máis dinámicas, e áreas mediterráneas ou orientais, onde o atraso agrario foi máis acusado.



A colleita, de Pieter Brueghel o Vello (1565)

En canto á propiedade, a terra estaba **concentrada nas mans da nobreza e do clero**, os estamentos privilexiados. As súas terras estaban **amortizadas**, é dicir, fora do mercado. A implantación do absolutismo reduciu parcialmente o seu poder político e xudicial sobre os señoríos, pero **mantiveron un forte dominio económico**, ao cobrar diferentes rendas e tributos ao campesiñado, que traballaba as terras en réxime de arrendamento.

Para a nobreza e o clero, a terra seguía a ser a **principal fonte de riqueza e prestixio social**, mentres que para a inmensa maioría da poboación supoñía o seu único medio de subsistencia. O campesiñado vivía en **durísimas condicións**, sometido a impostos señoriais, cargas fiscais da Coroa e, en moitos casos, á obrigatoriedade de utilizar muíños, fornos ou prensas pertencentes ao señor, pagando por iso. Esta situación perpetuaba unha estrutura social desigual e xeraba **frecuentes conflitos**, que se intensificarían nas décadas previas ás revolucións liberais.

No caso concreto de **España**, a terra estaba moi concentrada nas mans da nobreza e do clero, especialmente en grandes latifundios no sur e centro peninsular. En **Galicia**, en cambio, predominaba o minifundio, parcelas pequenas traballadas en réxime de foro ou arrendamento a longo prazo, que proporcionaban certa estabilidade pero tamén obrigaban a cumprir cargas fixas.

A diversidade de cultivos en Galicia incluía cereais, legumes e, desde o século XVII, especies chegadas desde América, como o millo e a pataca, que contribuíron a mellorar a alimentación e aumentar a produtividade. Non obstante, as técnicas agrícolas seguían sendo tradicionais e a produtividade baixa. A escaseza de terras cultivables e o minifundismo dificultaban a modernización e xeraban presións sociais.

As relacións señoriais seguían presentes, e a nobreza e o clero cobraban foros, rendas e tributos a unha ampla poboación campesiña que vivía en condicións moi duras. Ademais das cargas señoriais, os campesiños soportaban impostos estatais. Esta situación mantivo unha estrutura social desigual que xerou conflitos e malestar, que se irían intensificando ata o século XIX.

3.4. Comercio

A rede comercial do Antigo Réxime, malia as limitacións xeradas polas estruturas tradicionais, **permitía a circulación de bens a nivel local, rexional, nacional e internacional**. O comercio foise desenvolvendo ao longo da Idade Moderna, favorecido pola **crecente especialización produtiva dalgunhas rexións** e pola **aparición de novos centros urbanos**.

Sen embargo, o comercio tamén estivo condicionado por distintos **factores que o limitaron**, como a *escasa produción de excedentes* (o que reducía a oferta de bens dispoñibles para o comercio), os *elevados custos e a lentitude do transporte terrestre* (agravado pola inseguridade das rutas como consecuencia do bandoleirismo), as *ríxidas regulacións gremiais* (que limitaban a competencia), os *monopolios estatais* (que restrinxían a libre circulación de bens) ou a *falta de infraestruturas* modernas.

→ **Comercio interior**: centrábase principalmente na distribución de produtos agrícolas e manufacturas artesanais. As feiras e mercados eran puntos clave para o intercambio, tanto en áreas rurais como urbanas:

✓ **Mercados semanais**: organizados en vilas e cidades, neles os campesiños vendían directamente parte da súa colleita, gando ou produtos transformados (queixos, manteiga, viño, pan...).


- ✓ **Ferias anuais ou estacionais:** reunían vendedores e compradores de varias rexións e se convertían en importantes acontecementos económicos, pero tamén sociais e festivos.

O comercio interior, en todo caso, estaba moi condicionado pola capacidade de transporte xa que as rutas por camiño de carro eran lentas e o custo do traslado podía superar o propio valor do produto, o que limitaba a distancia das transaccións.

→ **Comercio exterior e colonial:** en Europa, o comercio exterior experimentou un **notable crecemento** durante a Idade Moderna pola integración das novas rutas marítimas oceánicas, pola mellora das infraestruturas e a tecnoloxía e pola chegada de novos produtos de América, Asia e África.

Aínda que os grandes portos mediterráneos seguiron tendo un peso importante, o escoramento das redes comerciais cara ao **Atlántico** provocou que as cidades portuarias situadas nas súas costas se convertesen en puntos estratéxicos de conexión, e que se visen beneficiadas das novas redes de distribución intercontinentais.

Entre os produtos máis demandados figuraban o azucre, o cacao, o café, o tabaco, as especias ou os tecidos orientais. Estes artigos, moitas veces considerados de luxo, complementaban o comercio de materias primas e manufacturas europeas como a la, o liño, o ferro ou o vidro. Tamén tivo un peso relevante o comercio de escravos africanos, e destaca o chamado **“comercio triangular”**, no que os barcos europeos intercambiaban produtos baratos do Vello Continente por escravos nas costas africanas, para despois transportalos a América, onde eran vendidos. Desde alí o barcos regresaban a Europa cargados de valiosos produtos americanos, conseguindo enormes beneficios.




Mapa e esquema do comercio triangular

O comercio colonial non só xerou beneficios para as elites comerciais, senón que tamén promoveu novas formas de investimento e financiou parte das actividades estatais, aínda que as ganancias estaban concentradas en poucos grupos sociais, sobre todo burgueses.

No caso concreto da **Monarquía Hispánica**, o comercio organizábase arredor de dúas grandes esferas, o comercio interior peninsular e o comercio ultramarino:

- **Comercio peninsular**: as rutas unían os principais centros de produción coa Corte e cos portos estratéxicos. Desde Galicia, León e Castela transportábanse gando, cereais e produtos artesanais cara a Madrid. Outras rutas conectaban Aragón e Valencia con Cataluña e o sur.
- **Comercio ultramarino**: durante boa parte da Idade Moderna, Sevilla (ata 1717) e Cádiz (a partir desa data) monopolizaron as transaccións con América. As mercancías procedentes dos territorios americanos (azucres, cacao, café, tabaco, metais preciosos...) debían pasar por estes portos antes de distribuírse polo resto do territorio. A Coroa mantivo un estrito control mediante impostos, licenzas e monopolios, como o monopolio de Cádiz ata 1778.




Territorios da Monarquía Hispánica con Felipe II, en 1598

A partir do século XVIII, coa influencia das Reformas Borbónicas e das ideas ilustradas, producíronse melloras, como a apertura de novos portos ao comercio americano no ano 1778, o impulso das **Sociedades Económicas de Amigos do País**, a construción de novos camiños e canles e a reorganización do sistema fiscal e aduaneiro. Estas medidas, aínda que insuficientes para transformar de raíz a economía española, iniciaron un proceso de dinamización que permitiu unha maior integración nas redes comerciais atlánticas e peninsulares.

No caso **galego**, a participación no comercio americano foi indirecta: os produtos coloniais chegaban a través de Cádiz e, en menor medida, Lisboa, e logo distribuíanse cara ao norte peninsular. Algúns galegos, especialmente de zonas costeiras, participaron como comerciantes, armadores ou tripulantes nas rutas atlánticas, o que favoreceu a emigración temporal e a creación de redes familiares ligadas ao negocio marítimo. Os portos galegos, como A Coruña, Viveiro ou Ferrol, tamén se beneficiaban do comercio de cabotaxe e da exportación de produtos como viño, madeira, peixe salgado ou sardiña prensada.

4. A estrutura social: os estamentos. A demografía

A sociedade do Antigo Réxime estaba organizada segundo un modelo **estamental**, herdado da Idade Media e baseado en criterios **xurídicos e de nacemento**, non económicos. Isto significaba que a posición social dunha persoa viña determinada polo estamento no que nacía e, en xeral, era moi difícil ascender ou cambiar de categoría. Este sistema establecía fortes diferenzas de dereitos e obrigas entre os grupos sociais, e estaba xustificado ideoloxicamente pola relixión e a tradición.



Esquema da sociedade estamental do Antigo Réxime

4.1. Características xerais

- **Desigualdade xurídica**: cada estamento tiña leis, privilexios e obrigas distintas.
- **Funcións asignadas**: a nobreza debía defender á poboación, o clero rezar para o ben común e o pobo debía traballar.
- **Inmovilismo social**: non existía a igualdade de oportunidades, e o nacemento determinaba a posición social, que sería inmutable (a excepción do caso do clero).
- **Xustificación divina**: segundo a mentalidade da época, a orde social era a desexada por Deus, polo que debía manterse para o ben común.

A sociedade estamental tiña unha división tripartita, xa que existían **tres grupos claramente diferenciados: nobreza, clero e Terceiro Estado**. Os seus primeiros conformaban os **grupos privilexiados**, mentres que o último, o pobo, era o **grupo non privilexiado**.

4.2. Nobreza

- **Función tradicional**: defensa armada do reino e servizo ao monarca.
- **Privilexios**:
 - ✓ ***Exención de pagar*** a maior parte dos impostos.
 - ✓ ***Dereito de percibir rendas*** procedentes de terras, señoríos e vasalos.
 - ✓ Acceso preferente aos ***altos cargos*** políticos, militares e cortesáns.
 - ✓ Uso exclusivo de determinados ***títulos, vestimentas e escudos*** heráldicos.
- **División interna**:
 - ✓ **Alta nobreza**: composta por ***grandes señores con vastas propiedades*** e moita influencia política; tiñan uns enormes recursos económicos que lles permitían levar unha vida moi privilexiada (en Galicia destacaban casas como as de Andrade, Lemos ou Soutomaior).
 - ✓ **Baixa nobreza**: composta principalmente por ***fidalgos con escasos recursos***. Moitas veces, malia pertencer a un estamento privilexiado, víanse obrigados a buscar ingresos en cargos militares ou na Administración, os incluso enlazándose matrimonialmente con familias da burguesía adinerada.

4.3. Clero

- **Función tradicional**: debían ser a guía espiritual da poboación, e no caso dos países de maioría católica, debían asegurar a conservación desta fe.
- **Privilexios**:
 - ✓ ***Exención de pagar*** a maior parte dos impostos.
 - ✓ ***Dereito de percibir rendas***, entre as que cabe destacar a **percepción do décimo (ou diezmo)**, o 10% do total da produción agrícola e gandeira dos campesiños.
 - ✓ ***Influencia na educación, na censura de libros e na vida cultural***.
- **División interna**: no clero hai que facer unha dobre división simultánea, xa que por un lado divídese en secular e regular e, ao mesmo tempo, tamén en alto e baixo.
 - ✓ **Clero secular**: está composto polos sacerdotes (nos seus distintos rangos: bispos, diáconos, párrocos...), que viven e sirven aos fieis das súas comunidades parroquiais.
 - ✓ **Clero regular**: está composto polos monxes ou monxas que viven en comunidade (en mosteiros ou conventos) e baixo unha regra específica. Este é o caso de ordes como os franciscanos, os xesuítas, os dominicos, os carmelitas...
 - ✓ **Alto clero**: moi reducido e con gran poder dentro da sociedade e a política do Antigo Réxime, o alto clero está composto por bispos, coengos das catedrais ou os abades dos mosteiros. A miúdo proceden de familias nobres, que atopan na entrada no clero unha vía para aumentar o seu poder e influencia.
 - ✓ **Baixo clero**: máis numeroso, componse de sacerdotes, monxes e monxas. Máis próximos ao común da poboación, adoitan ter unhas condicións económicas moito máis modestas que o alto clero, e case sempre proceden do Terceiro Estado.

4.4. Terceiro Estado

O Terceiro Estado, xente do común ou, máis xenéricamente, o pobo, incluía á inmensa maioría da poboación do Antigo Réxime: campesiños, artesáns, comerciantes, profesionais liberais... Aínda que economicamente había bastantes diferencias entre eles, compartían unha común **carencia de privilexios** e ter que soportar a **maior parte das cargas fiscais e obrigas laborais**.

→ **Campesiñado:**

- ✓ Eran o ***grupo maioritario*** dentro do conxunto da poboación.
- ✓ Vivían ***sometidos a fortes cargas***, xa que debían pagar rendas aos señores, impostos varios ao rei e ao clero e facer traballos obrigatorios derivados dos seus acordos cos privilexiados (foros, servizos persoais...).
- ✓ A súa vida estaba marcada pola ***dependencia da colletita***, coa fame como risco constante en anos nos que o clima non era propicio.

→ **Pequenos artesans e comerciantes:**

- ✓ Estes pequenos burgueses estaban ***agrupados en gremios***, cunha regulación moi estrita da súa produción.
- ✓ Algúns deles acadaban certa capacidade económica, pero ***non tiñan acceso a privilexios xurídicos***, que estaban reservados a nobreza e clero.

→ **Alta burguesía urbana:**

- ✓ Era un ***grupo moi minoritario***, e atopábase sobre todo nas cidades máis dinámicas e con acceso ás principais rutas comerciais.
- ✓ Adicábase, sobre todo, ao ***comercio a longa distancia***, á ***banca*** e aos negocios con América.
- ✓ ***A pesar da súa enorme riqueza, non tiñan acceso aos privilexios da nobreza*** salvo que obtivesen un título concedido polo rei.

4.5. O papel das mulleres

A posición das mulleres no Antigo Réxime estaba condicionada polo estamento e polas normas sociais. Aínda que todas estaban supeditada aos homes, as condicións de vida dependían do estamento ao que pertencían:

- **Na nobreza e no alto clero**, as mulleres podían chegar a exercer ***certa influencia*** a través de alianzas matrimoniais ou chegando a exercer o cargo de ***abadesa*** nun convento de monxas.
- **No Terceiro Estado**, as mulleres realizaban traballos agrícolas, artesanais e domésticos, pero sempre baixo a autoridade masculina.

A educación feminina estaba moi restrinxida, e o analfabetismo era case total, excepto nos grupos máis acomodados. Cando recibían unha formación, esta adoíaba centrarse nas labores domésticas e en aspectos relixiosos e artísticos.


4.6. Mobilidade social e cambios no século XVIII

A **mobilitade social** durante o Antigo Réxime **era moi reducida**, aínda que podían darse algunhas excepcións, como o ascenso do baixo clero ao alto clero mediante estudos e carreira eclesiástica, o ascenso de militares destacados por méritos de guerra ou, excepcionalmente, a compra de títulos nobiliarios por parte de burgueses enriquecidos.

No século XVIII, coa expansión económica e a influencia das **ideas ilustradas**, comezouse a cuestionar o sistema estamental, especialmente desde a burguesía, que desexaba a igualdade de dereitos e o acceso ao poder, unha vez xa gozaba de poder económico. Este malestar social sentou as bases para as transformacións que chegarían coas revolucións liberal e industrial.

4.7. Demografía

A poboación europea durante o Antigo Réxime caracterizábase por un crecemento lento e irregular, propio do chamado **réxime demográfico antigo**. Este modelo combinaba **taxas moi altas de natalidade e mortalidade**, o que limitaba o aumento sostido da poboación. As crises de subsistencia, provocadas por malas colleitas, carestía de alimentos e encarecemento dos prezos, provocaban **bruscas caídas demográficas ocasionais**. A estas sumábanse algunhas epidemias recorrentes (peste, varíola, tifus...) e o impacto das guerras, que tamén destruían recursos e interrompían as actividades produtivas. **A esperanza de vida media era baixa, e a mortalidade infantil moi elevada**, de xeito que moitos nenos non superaban os primeiros anos de vida.



O século XVIII suporá o inicio da chamada **fase de transición demográfica**, na que en determinados lugares se irán reducindo as taxas de mortalidade grazas ás melloras na alimentación, a hixiene e a medicina, polo que a poboación comezará a medrar. Será tamén o momento no que comece o crecemento das cidades, tanto en poboación como en número.

A estrutura poboacional era **maioritariamente rural**, con **escasa densidade** na maioría de rexións, agás nos vales fértiles ou nas áreas costeiras máis prósperas. As cidades, aínda minoritarias en número de habitantes, cumprían funcións políticas, comerciais e artesanais, pero non sempre ofrecían mellores condicións de vida debido á alta mortalidade urbana.

En **España**, o crecemento foi desigual: mentres o litoral mediterráneo e algúns territorios do norte medraron a partir do século XVIII, moitas zonas do interior mantivéronse estancadas. En **Galicia**, a elevada densidade rural estaba favorecida pola introdución de cultivos americanos como o millo e a pataca, que melloraron a dieta, aínda que a dependencia da agricultura de subsistencia facía á poboación moi vulnerable ás crises.